

PROGRAMACIÓN | 'PROGRAMA DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA' – Módulo II – 2 Sesións

>> DIRECCIÓN E XESTIÓN FINANCEIRA EN COOPERATIVAS

DOCENCIA: Antón Ínsua López

DATAS REALIZACIÓN	26 de outubro 8 de novembro de 2018 [2 sesións]	DURACIÓN	15 horas
HORARIO	9:30 – 14: 30 e 16:00 – 18:30 horas [7h. 30 m./sesión]		
LUGAR CELEBRACIÓN	Rúa Tomiño 22 entreplanta – Santiago de Compostela [Sede de AGACA]		
PERSONA DE CONTACTO	Tino Gago Conde [Unión de Cooperativas EspazoCoop] Para inscribirte >> preme aquí	TELÉFONO	881.887.456
		E-MAIL	tino@espazo.coop

OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas e entidades participantes.
- Mellorar a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial das cooperativas e entidades participantes, mediante operativas adaptadas ao modelo.
- Divulgar de forma práctica ás cooperativas e entidades participantes, boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos de xestión e sistemas de dirección .
- Potenciar o coñecemento mútuo e intercambio de experiencias das cooperativas e entidades participantes que permitan establecer alianzas futuras.

PROGRAMA

- 1| A xestión financeira. Que é e para que serve?
- 2| Ferramentas financeiras.
- 3| Contabilidade previsional e orzamentaria.
- 4| Seguimento da actividade: custos e marxes.
- 5| Ferramentas de control e análise de desviacións.

CONTIDOS

1º sesión | Presentación do docente, Presentación EspazoCoop e da Rede Eusumo. Obxectivos do curso. A xestión financeira: funcións, bases da información, a contabilidade de xestión e de custos como fontes de información. Ferramentas financeiras: Balances, Contas de Resultados, Orzamentos. Bases financeiras: equilibrio financeiro, marxes, resultados.

2º sesión | Seguimento da actividade: Custos e marxes, seguimento de rendibilidades. Contabilidade previsional e orzamentaria: contas de resultados, tesourería e orzamentos previsionais, análise de desviacións, comparativas, cadros de mando de indicadores financeiros.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate.
A acción formativa configúrase en 2 sesións de 7 h. 30 m. de duración cada unha.

DESTINATARIAS

Preferentemente COOPERATIVAS, persoas socias pertencentes a equipos directivos, consellos reitores, e socias e asalariadas con responsabilidades na área de Dirección e Xestión Financeira de Cooperativas e entidades participantes.
Grupo mínimo: 10 persoas - Grupo máximo: 20 persoas.

DOCENTE: Antón Ínsua López é Licenciado en CC Económicas pola USC. Ampla traxectoria profesional no mundo cooperativo, onde foi xerente de Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais S. Coop. Galega durante máis de dezoito anos. Responsable da área económica de Salgueiros de Vivenda S. Coop. Galega, é tamén socio de Coop57 Galiza e de Salgueiros de Consumo S. Coop. Galega (onde ostenta o cargo de Secretario). É membro da Comisión de análise de riscos de Coop57 Galiza e actualmente é asesor en Cooperativismo, Economía Social e Contratación Pública.



Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2018 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social